



# PROGRAMACIÓN

XUNTA DE GALICIA



## CENTENARIO DAS IRMANDADES DA FALA

En 2016 cúmprese o centenario da fundación das Irmandades da Fala, movemento histórico nacido en defensa do idioma galego e do recoñecemento político da identidade de Galicia.

As Irmandades da Fala foron promotoras de moitas das aspiracións da Galicia do século XX no aspecto lingüístico, cultural e político. A súa contribución supuxo un paso adiante decisivo no cultivo do idioma galego e na defensa da identidade de Galicia como suxeito político dentro do contexto xeral de rexeneración do país.

Promoveron unha renovación cultural que abriu novas vías para o desenvolvemento das artes en Galicia, tanto na plástica, como na música e na literatura.

A primeira Irmandade dos Amigos da Fala creouse o 18 de maio de 1916 na Coruña da man de Antón Vilar Ponte, convocante da xuntanza, e arredor de 20 galeguistas máis, entre os que se encontraban Ramón Vilar Ponte, Manuel LUGRÍS Freire ou Lois Porteiro Garea. Tras dela foron constituíndose outras agrupacións locais ata que, en 1931, se funda o Partido Galeguista, no que quedan integradas as 46 irmandades existentes que se repartían por toda Galicia e mesmo por países con comunidades galegas de emigrantes.

As Irmandades da Fala orientáronse inicialmente á promoción da cultura e da lingua galegas, mais axiña ampliaron o seu campo de acción cara a iniciativas de carácter político, que incluírían a presentación de candidatos ás eleccións parlamentarias de 1918 ou a aprobación do *Manifesto nazonalista* da I Asemblea Nazonalista (Lugo, 1918), que constituiría a base de todos os programas do nacionalismo galego ata 1936.

No seu afán de dignificaren a lingua galega e convertérense en idioma plenamente actual e útil nunha sociedade do século XX, promoveron medios e canles de difusión que lles permitisen desenvolver os xéneros textuais menos cultivados durante o Rexurdimento (narrativa, ensaio, teatro, artigo xornalístico), tales como a revista *A Nosa Terra* –voceiro das súas propostas e inquedanzas– ou as editoriais Lar e Céltigos, nas que consolidarían a súa carreira como escritores as principais figuras da Xeración Nós, herdeira, por outra banda, do empeño modernizador da cultura galega que guiou sempre a actuación das Irmandades.



## ENTIDADES IMPLICADAS NA PROGRAMACIÓN INSTITUCIONAL CONXUNTA

O Parlamento de Galicia aprobou o 29 de abril de 2015 unha proposición non de lei para a declaración por parte da Xunta de Galicia do ano 2016 como Ano das Irmandades da Fala (09/PNP 002634 [36023]). No texto aprobado, ínstase tamén o Goberno galego a establecer un programa de actividades que permita divulgar o labor desta “organización animada polo propósito de traballar pola consecución dunha Galicia máis culta, libre, xusta e comprometida consigo mesma”.

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, a Deputación da Coruña, o Consello da Cultura Galega, a Real Academia Galega e o Museo do Pobo Galego, coa colaboración de concellos e doutras entidades públicas e privadas, poñen en marcha unha programación conxunta para a celebración do Ano das Irmandades da Fala, consonte a declaración unánime do Parlamento de Galicia.

# PROGRAMACIÓN 2016-2018

---

**18 DE MAIO DE 2016**

## ACTO CONMEMORATIVO DA FUNDACIÓN DAS IRMANDADES DA FALA

No mes de maio, a Real Academia Galega promove, xunto co Concello da Coruña, un acto conmemorativo da fundación das Irmandades da Fala, de carácter cívico e literario-musical, que se celebrará na cidade da Coruña.

## INICIATIVAS DE DIFUSIÓN SOCIAL DAS IRMANDADES DA FALA

---

**DO 20 DE MAIO 2016  
A MAIO 2017**

Exposición

### **Centenario das Irmandades da Fala**

A Deputación da Coruña, a Real Academia Galega e o Museo do Pobo Galego organizan unha exposición itinerante para difundir entre a cidadanía o labor das Irmandades da Fala. Deseñada por Pepe Barro, a mostra estrutúrase arredor de dez temas vinculados co labor desta organización. Materiais audiovisuais, música en escoita, documentos orixinais, publicacións e unha selección de obras de arte e obxectos singulares constrúen un completo relato da dimensión das Irmandades da Fala.

A mostra, que botará a andar en maio na sede da Fundación Barrié da Coruña, visitará, nunha primeira xeira, grazas á colaboración das catro deputacións provinciais, as sete cidades galegas para logo percorrer outros concellos da provincia da Coruña, nun percurso que se alongará ata maio de 2017.

Colaboran no proxecto expositivo a Real Academia Galega de Belas Artes Nosa Señora do Rosario, Fundación Penzol, Fundación Otero Pedrayo, Fundación Antonio Losada Diéguez, Fundación Vicente Risco, Fundación Castelao, Fundación Alexandre Bóveda, Fundación Illa Couto, Fundación Antonio Fraguas, Museo de Pontevedra, Fundación Galiza Sempre, Fundación Moncho Reboiras, Galiza Cultura, Fundación Rosalía de Castro, Fundación Bautista Álvarez, Fundación Manuel María e o Departamento de Galego-Portugués da Universidade da Coruña.

O Arquivo Histórico Provincial de Ourense propón unha exposición panorámica da memoria documental e bibliográfica do galeguismo ourensán que se custodia neste centro da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. Coa finalidade de ofrecer unha visión de conxunto baixo unha liña cronolóxica, documentos orixinais e materiais bibliográficos conducirannos polos momentos e as persoas protagonistas dos inicios das Irmandades, singularmente, Lamas Carvajal, Curros Enríquez, Risco, Otero Pedrayo e Xaquín Lorenzo.

**Exposicións****Irmandades da Fala**

De acordo coa expansión que as Irmandades da Fala protagonizaron entre 1916 e 1918, o Consello da Cultura Galega prolongará ata 2018 a súa programación. Para o 2017 e o 2018 planifica dúas exposicións:

**As sociedades corais  
nos tempos das Irmandades da Fala**

Esta mostra é unha revisión do período das Irmandades a través das sociedades corais que impulsaron e promoveron a normalización da lingua e a cultura de Galicia. Céntrase, principalmente, nos catro coros históricos que manteñen a súa actividade artística: a Coral de Ruada (Ourense), Cántigas da Terra (A Coruña), Cantigas e Agarimos (Santiago de Compostela) e o coro Toxos e Froles (Ferrol). A exposición achega documentación variada que abrangue partituras, vestuario, escenografía, libretos etc., que dan conta da súa faceta musical e teatral.

---

**2017**
**Alba de Gloria: sobre a “simbólica nacional galega”**

Coincidindo co 70.º aniversario do célebre discurso político de Afonso R. Castelao coñecido como *Alba de Gloria*, pronunciado o 25 de xullo de 1948 en Buenos Aires, a exposición achegará as 64 personalidades que Castelao cita nesa alocución como as grandes figuras da historia de Galicia.

---

**2018****Mostras bibliográficas****Irmandades da Fala nas bibliotecas públicas**

As bibliotecas públicas de xestión autonómica de Santiago de Compostela, A Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra e Vigo realizarán nos seus centros mostras de publicacións sobre as Irmandades da Fala procedentes dos seus fondos bibliográficos e documentais.

---

**2016**

## ACTIVIDADES ACADÉMICAS DE DIFUSIÓN DO LABOR DAS IRMANDADES

---

**17, 18 E 19  
NOVEMBRO DE 2016**

Simposio

### **Repensando Galicia: As Irmandades da Fala 1916-1931**

O Museo do Pobo Galego, coa colaboración da Consellería de Cultura e Educación da Xunta de Galicia, organiza este congreso co obxectivo de fornecer un marco de análise da significación das Irmandades da Fala na evolución do pensamento, das ciencias, da literatura e das artes de Galicia, e a súa incidencia política no ámbito estatal nunha época convulsa.

O simposio desenvolverase entre o 17 e o 19 de novembro de 2016 no Auditorio do Museo do Pobo Galego, en Santiago de Compostela, e organizarase en dez sesións arredor de temáticas diversas: *Ideoloxías e programas; Organización e acción política; Lingua, literatura e medios de comunicación; Economía e sociedade; A cuestión de xénero nas Irmandades da Fala; Ciencias, artes plásticas e música; Relacións exteriores; e Análise comparativa.*

---

**DE XUÑO A  
DECEMBRO DE 2016**

Ciclo de mesas de debate

### **No tempo das Irmandades: fala, escrita e prelos**

A Real Academia Galega programa un ciclo de mesas de debate sobre temas relacionados coas Irmandades da Fala e as súas propostas, ideas e iniciativas de relevancia para a consolidación do idioma galego, a creación literaria e a comunicación, en coa visión da cultura e da identidade da época.

Este ciclo desenvolverase de xuño e decembro deste ano en distintas localidades de Galicia, en acompañamento da itinerancia da exposición, e será tamén marco para a difusión pública dos catro volumes antolóxicos editados pola RAG no segundo semestre deste ano, en coedición co Parlamento de Galicia.

Seminarios

### **Irmandades da Fala**

O Consello da Cultura Galega ten previsto abordar tres seminarios arredor das Irmandades que se desenvolverán ata 2018, en paralelismo coa notable expansión que as Irmandades da Fala amosaron entre 1916 e 1918.

---

**OUTUBRO 2016**

### **As nacionalidades na Europa de entreguerras: de imperios a nacións, o contexto internacional das Irmandades da Fala**

Baixo a coordinación do profesor Xosé Manuel Núñez Seixas, profesor da Universidade de München e da Universidade de Santiago de Compostela, analizaranse neste seminario as Irmandades da Fala en clave europea, co estudo das nacionalidades da época de entreguerras.

Cultura e política na España do primeiro terzo do século XX:  
nacionalismos culturais e políticos, o exemplo das Irmandades da Fala

---

**2017**

Neste seminario preténdese afondar na cultura e na política do primeiro terzo do século XX.

Galicia-América, unha viaxe de ida e volta:  
Ecos das Irmandades da Fala fóra de Galicia

---

**2018**

Pecha o ciclo un seminario centrado na relación das Irmandades da Fala co movemento migratorio.

## PUBLICACIÓNS

### **Antoloxías**

A Real Academia Galega prepara a edición de catro antoloxías que verán a luz no segundo semestre do ano, estruturadas por xéneros: ensaio e oratoria, teatro, narrativa e poesía.

---

**2016**

### **Actas No tempo das Irmandades, fala, escrita e prelos**

Os relatorios que se presentarán no ciclo de mesas de debate No tempo das Irmandades fala, escrita e prelos, deseñado pola Real Academia Galega, serán recollidos nun volume impreso, editado por esta institución coa colaboración da Consellería de Cultura e Educación da Xunta de Galicia.

---

**2017**

### **Vertente xornalística das Irmandades da Fala**

A Asociación de Prensa da Coruña recupera, na súa Biblioteca de Autores, con motivo do centenario das Irmandades, a vertente xornalística do labor dalgúns dos fundadores desta organización, como Aurelio Ribalta, Vicente Risco, Afonso Daniel Rodríguez Castelao, Valentín Lamas Carvajal, Ramón Otero Pedrayo, Robustiano Faginas e, principalmente, Antón Vilar Ponte, todos eles asistentes á asemblea do 18 de maio celebrada na Coruña e, algúns, como os dous últimos, participantes de distintas directivas da Asociación de Prensa da Coruña. Esta edición conta co apoio económico da Consellería de Cultura e Educación.

---

**ABRIL 2016**



## AS IRMANDADES DA FALA NA REDE E NAS PANTALLAS

---

2016

### **Web das Irmandades da Fala**

O Consello da Cultura Galega albergará ao longo do 2016 un espazo web dedicado ás Irmandades da Fala, co fin de difundir as distintas vertentes daquela organización.

---

2016

### **Álbum das Irmandades da Fala**

Este proxecto do Consello da Cultura Galega materializará, con motivo do centenario, o Álbum das Irmandades da Fala, un espazo web destinado a recoller as biografías dos seus principais protagonistas.

---

MAIO 2016

### **Micrositio Galiciana: Publicacións das Irmandades da Fala**

A Biblioteca de Galicia creará un novo micrositio en Galiciana no que se mostrarán, dixitalizadas, as publicacións históricas realizadas polas Irmandades da Fala (manifestos, revistas, panfletos etc.), que se fará público en maio, con motivo da celebración do centenario da súa fundación.

---

MARZO 2016

### **Fondos dixitalizados en academia.gal**

Desde o 21 de marzo, a Real Academia Galega porá a disposición pública na rede, a través do seu espazo web, materiais do seu arquivo relacionados coas Irmandades da Fala, os seus principais persoeiros e as súas actividades.

---

2016

### **Difusión da programación nas redes sociais**

A Secretaría Xeral de Cultura, da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, daralles difusión, a través das redes sociais e boletíns informativos, ao conxunto das actividades programadas polas institucións con motivo da celebración do centenario.

---

2016

### **Difusión na Rede de Dinamización Lingüística**

A Rede de Dinamización Lingüística, coordinada pola Secretaría Xeral de Política Lingüística da Consellería de Cultura e Educación, e integrada por 170 concellos de Galicia, realizará ao longo do ano unha serie de accións conxuntas para a difusión social das Irmandades nos medios dixitais.



### **A época das Irmandades na pantalla**

---

**MARZO 2016**

O Centro Galego de Artes da Imaxe dependente da Agadic promove a proxección da curtametraxe recuperada de José Gil *Miss Ledyia* (1916). Con guión de Rafael López Aro e coa participación de Afonso R. Castelao como intérprete, a produción conta a chegada dunha excéntrica moza norteamericana á Toxa, onde se aloxan, de incógnito, os reis de Suavia, ameazados polos anarquistas.





**Museo  
do Pobo  
Galego**



**REAL ACADEMIA  
GALEGA**



**CONSELLO  
DA CULTURA  
GALEGA**



**Deputación  
DA CORUÑA**



**XUNTA  
DE GALICIA**